

1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Rías Baixas. Sector: Ria de Vigo. Concello: Cangas. Parroquias: Santo André de Hío.
Extensión: 0,45km2.

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Entrante costeiro flanqueado por puntas rochosas que encerra na súa parte central unha pequena cunca na que se desenvolve o complexo sedimentario de Melide formado por praia e cordón dunar que presenta como particularidade a súa prolongación na vertente traseira. O manto areento esténdese pola ladeira ata preto da cabeceira, no alto do Cu do Lobo. A parte exterior da unidade engloba tramos fundamentalmente acantilados que finalizan nas puntas Robaleira e norte da Punta Subrido. Inclúe o EIX Relevo acantilado da Costa da Vela.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Esta unidade atópase totalmente encadrada en canto á súa litoloxía, dentro dos materiais metamórficos do Complexo de Cabo Home - A Lanzada, dando lugar a unha paisaxe de acantilados moi dinámicos. No medio dos micaxistos, cuarzosos e paragneises dominantes, poden aparecer puntualmente algunhas vetas de rochas filonianas, xeralmente dispostas de norte a sur. Destacan non obstante, os depósitos cuaternarios de area situados ao redor da praia de Melide e da súa enseada. Estas areas, de praia na primeira liña de costa, convértense nun manto de dunas cara ao interior.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Precipitacións acumuladas entre 1200 mm e 1400 mm anuais, temperatura media superior a 15°C e amplitude térmica media que varía entre 12,5°C e 13,5°C durante o ano. Réxime ombrotérmico cálido e húmido.

OS SOLOS

Nun contorno acantilado como este hai que destacar o complexo sedimentario da praia de Melide, que ocupa a parte central da unidade e que está formado por arenosoles álbicos e a súa variante máis evolucionada de arenosoles háplicos. A vertente mostra un dominio de solos esqueléticos de pouca evolución do tipo regosol.


AS AUGAS

A praia de Melide, entre punta Robaleira e punta Subrido, recolle as augas de escorrentía dunha cunca hidrográfica moi reducida. Esta praia está vinculada á masa de augas costeiras de Cabo Home (20156).

O PATRIMONIO NATURAL

Pertence ao IBA Contorno mariño das Rías Baixas e ao LIC Costa da Vela, de fondo sedimentario e flancos acantilados. Nos extremos xorden acantilados nos que aparecen os hábitats 1230, acantilados mariños atlánticos e 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, ademais das matogueiras secas nas súas vertentes, sobre todo, breixeiras secas costeiras atlánticas de Erica vagans, e breixeiras secas europeas (4030), principalmente no peche elevado da unidade. No sector areoso central, aparecen os hábitats do grupo 21, dunas marítimas atlánticas, existindo potencialidade para o 2230, dunas mediterráneas con céspedes de Malcolmietalia. Entre o cordón dunar aparece unha pequena zona húmida intradunar.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A topografía condiciona en gran parte os usos predominantes na unidade. Así, desenvólvese un uso forestal ligado ás masas de piñeiro que seguen a vertente de menor pendente da ladeira que culmina no alto do Cu do Lobo, predominando as formacións vexetais costeiras nas zonas de maior rugosidade. O uso protagonista, non obstante, é o aproveitamento turístico dos recursos presentes, o areal do sistema praia duna de Melide e a singularidade do enclave xeográfico no que se sitúa, o Cabo Home.

MORFOLOXÍA

A dificultade imposta pola orografía non permitiu o desenvolvemento de asentamentos de poboación na unidade. Na actualidade a estrutura do parcelario móstrase oculta tras as formacións de matogueira e de piñeiro de repoboación.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A comunicación da unidade co resto do seu contexto realízase a través de vías municipais sen asfaltar que permiten o acceso rodado ao faro de Punta Robaleira e ao faro de Punta Subrido, conectándose co resto do sistema viario asfaltado no núcleo de Donón, na parroquia de Aldán. Estes camiños seguen unha estrutura en malla a partir da vía principal que accede aos faros, desdoblándose noutros camiños que permiten as mesmas conexións pero por rutas alternativas.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O escaso grao de ocupación humana na unidade vese reflectido na escasa ou case nula representación de elementos do patrimonio cultural. Unicamente hai constancia dunha fonte, exemplo do patrimonio etnográfico.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade de praia de Melide destaca especialmente polo seu carácter natural, con connotacións de espazo de remanso no contexto de vigor do relevo de Cabo Home. A paisaxe organizase ao redor do areal do sistema praia duna de Melide no que parecen converxer os dous fitos xeográficos que enmarcan a unidade, Punta Robaleira e Punta Subrido, ambas as dúas coroadas por un faro, aínda que o segundo deles non se atope nesta unidade.

DINÁMICA DA PAISAXE

Os procesos que dominan esta unidade son os xeomorfolóxicos da dinámica litoral, sendo polo tanto os procesos de carácter natural. Ademais pódese destacar unha maior densificación da masa arborada colonizando o manto areento do sistema praia duna de Melide. Non obstante tamén se produciu un aumento da presión turística da praia e dos enclaves xeográficos singulares que constitúen os salientes que a enmarcan, cun leve incremento dos camiños, o acondicionamento dun aparcamento e a implantación de dotacións para lles dar servizo aos usuarios da praia.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Os procesos xeomorfolóxicos e ecolóxicos dominan a unidade da praia de Melide, sen que se produciran dinámicas que transformasen a identidade das formacións de acantilados, praias e dunas existentes. O resultado do devir do tempo sobre esta paraxe evidencia os seus valores naturais que foron recoñecidos a escala autonómica e comunitaria coa súa inclusión no Espazo de interese xeomorfolóxico de relevo acantilado, a Zona de especial protección dos valores naturais e o Lugar de interese comunitario da Rede natural 2000, Costa da Vela, respectivamente, e tamén no que se considerou Espazo de Interese Paisaxístico da Costa da Vela, polos engadidos valores identitarios que figuran no imaxinario colectivo. A configuración dos distintos elementos orixina unha paisaxe abrupta pero relativamente aberta para a observación da cal se seleccionaron dous puntos de acceso. Un deles no propio punto terminal do faro de punta Robaleira, dende o que se pode observar tanto gran parte da unidade, como as illas Atlánticas cara ao horizonte occidental e, se a meteoroloxía o permite, a costa de Vigo de cara ao horizonte suroriental. O segundo punto de observación situouse nunha zona máis elevada topograficamente no alto do Cu do Lobo, na intersección de dous dos camiños existentes, dende os que se pode obter unha panorámica da configuración en arco do entrante litoral. Recordar que dende o mirador de Cotorredondo en Vilaboa obsérvase esta unidade.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



